

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11264 *Lei orgánica 6/2011, do 30 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

Os cambios políticos, económicos e sociais que se produciron no mundo nos últimos anos do século pasado e os primeiros deste conduciron a unha reformulación do peso específico de cada unha das misións que corresponden ás alfándegas no control do comercio exterior. Así, o Regulamento (CE) n.º 450/2008, do 23 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), recolle de forma expresa misións como a protección fronte ao comercio desleal ou ilegal, ou a seguridade e protección da Unión Europea ou dos seus cidadáns, ou a protección do ambiente, misións cuxa finalidade é a protección de bens xurídicos distintos do que é propio da Facenda pública: a recadación tributaria. Ademais, este último en relación cos dereitos de importación, no marco do noso dereito penal, reconduciuse coa Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, á figura do delito contra a Facenda pública e a Seguridade Social, outorgando á Facenda pública da Unión Europea a mesma protección que á nacional, en aplicación do convenio relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas, do 26 de xullo de 1995.

Ambos os factores exixen unha revisión da actual Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.

Un dos obxectos en que se manifesta o ben xurídico relativo á seguridade e protección da Unión Europea e dos seus cidadáns é o control por parte das administracións do comercio internacional de material de defensa, de produtos ou tecnoloxía de dobre uso ou que poidan ser utilizados na fabricación ou utilización da enerxía nuclear con fins non pacíficos; de elementos que poidan servir para a obtención de axentes químicos, biolóxicos ou toxinas; e de axentes, materiais e obxectos que poidan ser utilizados para a tortura. Nestas materias o Reino de España debe ir asumindo obrigas derivadas dunha serie de compromisos internacionais adquiridos e plasmados en lexislación internacional e comunitaria. Ademais, esta lexislación caracterízase por unha continua evolución das directrices comunitarias sobre a materia e das listas de produtos, materiais e tecnoloxías obxecto de control que se aproban nos distintos foros internacionais dos cales é parte o Reino de España. As novas obrigas e a dinámica na modificación do seu obxecto fan necesaria a actualización da regulación deste tipo de ilícitos contida na Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando.

A actualización da Lei de represión do contrabando polos motivos indicados xa se recollía na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e dobre uso. A dita lei fai mención, no punto III do seu preámbulo, do carácter punitivo e sancionador que na materia ten a Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando, e así mesmo sinala, na súa disposición derradeira segunda, a obriga por parte do Goberno de proceder á súa actualización para dar cumprimento aos compromisos

internacionais aos cales se refire o preámbulo da propia Lei 53/2007, dando, ademais, cumprimento no ámbito sancionador ao mandato contido no artigo 12 da Posición común 2008/944/PESC do Consello, do 8 de decembro de 2008, que define as normas comúns que rexen o control das exportacións de tecnoloxía e equipamentos militares.

En consecuencia, a modificación que se leva a cabo ten como obxectivo adaptar a tipificación do delito que se cometa no comercio fraudulento de determinadas armas, produtos, axentes, materiais ou tecnoloxías á súa actual regulación no noso dereito e aos compromisos internacionais asumidos polo Reino de España.

A incorporación ao noso dereito penal das fraudes en materia de ingresos e gastos do orzamento comunitario como un suposto de delito contra a Facenda pública, efectuada pola Lei orgánica 10/1995, do Código penal, fai necesario axustar o quantum delimitador entre o ilícito penal e administrativo nos supostos de importación, exportación, comercio e tenza de mercadorías de lícito comercio á finalidade desta tipificación, que non é outra que a de evitar a competencia desleal fronte ao resto dos operadores ou usuarios por parte de quen realiza unha introdución ilegal de mercadorías ou produtos con estatuto non comunitario no territorio alfandegueiro comunitario do Reino de España, competencia desleal que se produce polo efecto inmediato sobre o prezo ou o beneficio, ou sobre ambos, co seu comercio ou uso, así como polo incumprimento das demais obrigas administrativas no momento da importación ou en fases posteriores do seu comercio ou consumo. A mesma xustificación é aplicable á exportación levada a cabo sen presentar a mercadoría ante a alfándega. Agora ben, para que tales efectos se produzan, o valor das mercadorías coas cales se realizan as operacións tipificadas como contrabando debe ser significativo.

Así mesmo, considérase necesario actualizar o quantum para a delimitación dos ilícitos penal e administrativo en relación cos produtos estancados, en especial, respecto dos elaborados de tabaco. Os novos importes mínimos para a delimitación do ilícito penal fíxanse en 50.000 euros con carácter xeral e 15.000 euros respecto ao tabaco.

Ademais, débese incrementar o importe mínimo para o ilícito penal en relación con aqueles produtos que poden afectar a seguridade en xeral, como o material de defensa, os produtos e tecnoloxías de dobre uso ou que poidan ser utilizados para inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanas ou degradantes, ou os precursores de drogas, ou cando afecte o patrimonio histórico español. O importe do valor dos bens ou produtos para que o ilícito sexa perseguible penalmente fíxase en 50.000 euros.

Mantense a cualificación como ilícito penal dos supostos de contrabando con determinados bens, xéneros ou efectos, con independencia do seu valor ou cando tales ilícitos se realizan a través dunha organización.

Tendo en conta os ditos cambios, cuxo fundamento se atopa no tipo de ben xurídico protexido, é necesaria unha reestruturación dos supostos de ilicitude, agrupándoos en función de tales tipos.

O modelo de xestión e control alfandegueiro foi obxecto dun forte cambio co fin de dar resposta ao proceso de globalización da economía, asegurando a necesaria axilidade da tramitación administrativa alfandegueira no comercio exterior de mercadorías. Os principios que ordenan este novo modelo de xestión e control alfandegueiro incorpóranse no dereito alfandegueiro comunitario a través do Regulamento (CE) n.º 648/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2005, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario. Así, ao fundamentar o control alfandegueiro no concepto de «risco», os elementos declarados polos operadores económicos constitúen un elemento esencial para a súa correcta execución, o que exige anticipar a realización do ilícito de contrabando a determinados feitos que poderían entrar ata a data dentro do concepto penal de tentativa, como son os relativos á pretensión de obter mediante alegación de causa falsa ou de calquera outro modo ilícito a retirada das mercadorías presentadas a despacho alfandegueiro, aproveitando as facilidades introducidas no mencionado modelo de xestión e control alfandegueiro e violentando o sistema de xestión do risco en que se fundamenta o modelo actual de control alfandegueiro.

Estes cambios normativos exigen unha revisión da definición dos tipos de infracción administrativa de contrabando para adaptalos ao novo quantum delimitador do ilícito penal e administrativo.

A delimitación entre delito contra a Facenda pública e delito de contrabando que se pretende coa modificación da Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando, exige unha equiparación na tipificación entre a infracción tributaria e a infracción de contrabando.

A importancia dos cambios descritos exige, con respecto ao delito, que a lei prevexa que a acción tipificada como contrabando poida ser realizada con dolo ou ben con imprudencia.

Por último, faise necesario introducir na Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando, melloras técnicas para a delimitación do seu obxecto, consistentes na incorporación de novos conceptos, na adaptación das penas á súa regulación no Código penal, na homoxeneización na execución de sentenzas cos delitos contra a Facenda pública en relación coa responsabilidade civil, na equiparación da pena accesoria coas previsións para delitos dolosos no artigo 127 do Código penal, na definición explícita do principio de concorrencia de sancións con idéntica regulación á dos supostos tributarios, e na delimitación dos criterios de gradación das infraccións administrativas de contrabando, tendo en conta o actual modelo de xestión informático do control alfandegueiro.

Para facer efectivos os cambios anteriormente descritos, precisase o establecemento dunha obriga para as compañías de transporte con relación aos seus viaxeiros, e resulta igualmente necesario clarificar as obrigas dos titulares das instalacións en que se sitúan os recintos alfandegueiros, co fin de asegurar o cumprimento dos fins da alfándega e, en especial, os relacionados coa aplicación da Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando.

Finalmente, débese facer mención expresa do feito de que o Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), a pesar de estar en vigor, non é actualmente aplicable na súa totalidade, polo que as referencias que a el se conteñen nesta lei orgánica se deberán entender efectuadas ao Regulamento (CEE) n.º 2913/1992 do Consello, do 12 de outubro, mentres o Regulamento (CE) n.º 450/2008 sexa totalmente aplicable.

Como materia relacionada co obxecto da regulación do contrabando, considérase necesario introducir unha disposición adicional nesta lei orgánica, con rango de lei ordinaria, que, para evitar o abuso de dereito na utilización dos beneficios alfandegueiros e fiscais previstos para o réxime de viaxeiros, procede á redución das exencións fiscais no imposto sobre o valor engadido e nos impostos especiais para os elaborados de tabaco por parte dos residentes e traballadores fronteirizos da zona fronteiriza de Xibraltar e do Principado de Andorra. Esta redución realízase en aplicación da potestade concedida aos Estados membros da Unión Europea no artigo 13 da Directiva 2007/112/CE do Consello, do 28 de decembro de 2007, relativa á franquía do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais.

II

O artigo primeiro desta lei contén nas súas distintas epígrafes as modificacións dos preceptos da Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando, que son obxecto de modificación.

No artigo 1 da Lei de represión do contrabando modifícanse ou introdúcense os conceptos necesarios para a delimitación dos ilícitos relacionados con todo tipo de armas e produtos que se poden utilizar para a tortura. Así, modifícase o concepto de «material de defensa» no seu número 13, introdúcense novos conceptos nos números 14 e 16 a 18 e, para estes efectos, defínense «introdución» e «expedición» nos números 7 e 9. No número 1 do artigo defínese o concepto de mercadoría, incluíndo os medios de pagamentos en función da súa forma de transporte. Por último, introdúcese o concepto de recinto alfandegueiro e de autoridade alfandegueira para os efectos de aplicación do dereito alfandegueiro nos números 4 e 5, respectivamente.

No artigo 2 reordenáronse os tipos penais mediante a súa agrupación en función do ben xurídico protexido e da gravidade da conduta en relación con el, introducindo no seu número 5 a imprudencia grave como modo de realización do delito de contrabando e prevendo nos seus números 6 e 7 a responsabilidade penal das persoas xurídicas e das empresas, organizacións, grupos, entidades ou agrupacións carentes de personalidade xurídica, en liña coas últimas modificacións do Código penal.

No número 1 deste artigo defínense as condutas típicas relacionadas coas mercadorías de lícito comercio, excluídas as estancadas ou prohibidas cuxa regulación se realiza nos seus números 2 e 3, e elévase a 150.000 euros o límite cuantitativo mínimo do ilícito penal, co fin de axustar o seu quantum ao prexuízo social ocasionado en consonancia co fixado para o delito contra a Facenda pública.

Para adecuar os cambios normativos ao marco da misión de seguridade e control que deberá cumprir a Administración alfandegueira no comercio exterior, agrúpanse no número 2 do artigo 2 todas as condutas antixurídicas ligadas a tal misión, salvo as que derivan da aplicación da política comercial, e as que afectan o patrimonio histórico español, a conservación da flora e a fauna, o material de defensa e outro material, os produtos e tecnoloxías de dobre uso ou que poidan ser utilizados para a aplicación de tratos ou penas crueis, inhumanas ou degradantes, e os precursores de drogas. Considerando que só deben ser obxecto de pena aqueles casos en que o dano sexa relevante en función do ben xurídico protexido, o límite cuantitativo mínimo do ilícito penal establécese en 50.000 euros. Neste mesmo número agrúpanse as accións con xéneros ou efectos estancados e prohibidos, salvo que estes últimos estean incluídos no número 3 do mesmo artigo, xa que o fundamento para a súa regulación con tal natureza non pode estar só ligado á protección da Facenda pública.

No artigo 2.3 da Lei de represión do contrabando elévase a 15.000 euros o importe do valor dos xéneros de tabaco para efecto da comisión do delito de contrabando.

Os artigos 3 e 5 adáptanse á terminoloxía e regulación que o Código penal vixente realiza da pena e do comiso.

O artigo 4 refórmase e incorpórase un novo artigo 4 bis para definir a responsabilidade civil subsidiaria e regular un sistema para a execución da multa e tal responsabilidade semellante á prevista para o delito contra a Facenda pública.

O artigo 10 refórmase co fin dar un mesmo tratamento á valoración das mercadorías de lícito comercio, establecendo un sistema baseado no valor de venda limitado ao prezo de compra ou ao custo de elaboración modulado co índice de prezos.

No artigo 11 adécuase a tipificación das infraccións administrativas ao quantum delimitador do delito.

No artigo 12 actualízanse as contías mínimas da sanción.

No artigo 12 bis incorpórase un novo suposto de medio fraudulento, a incorrecta ou falsa declaración de elementos ou datos determinantes para a xestión informatizada do control, adaptando a regulación ao actual modelo de xestión informatizada de declaración alfandegueira.

A redacción do artigo 14 pon en concordancia a normativa sobre infraccións de contrabando coa lexislación de prevención do branqueo de capitais.

Créase un novo artigo 14 bis para regular a relación entre delito de contrabando e infracción administrativa, cos mesmos criterios aplicados na relación entre o delito contra a Facenda pública e a infracción tributaria.

O artigo 16, sobre competencia en materia de recoñecemento e rexistro dos servizos de alfándegas, acomódase ao concepto de control alfandegueiro definido no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado).

Co fin de facer efectiva a misión da alfándega sobre o comercio ilegal e a seguridade e protección, así como a propia aplicación desta lei, inclúese na Lei orgánica de represión do contrabando unha disposición adicional terceira que regula a obriga de declaración alfandegueira por parte dos transportistas en relación cos viaxeiros obxecto do transporte.

O artigo segundo desta lei modifica o artigo 58 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co fin de asegurar os medios materiais necesarios para a aplicación da Lei orgánica 12/1995, de represión do contrabando, establecendo as condicións para a autorización dos recintos alfandegueiros.

A disposición adicional primeira establece a redución das exencións fiscais aplicables no réxime de viaxeiros para residentes e traballadores fronteirizos da zona fronteiriza de Xibraltar e do Principado de Andorra en relación coas importacións de elaborados de tabaco.

Nas disposicións derradeiras establécese o título competencial con base no cal se dita esta lei, o carácter de lei orgánica ou ordinaria dos seus preceptos e a súa entrada en vigor.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.*

A Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Definicións.*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. «Mercadoría»: todo ben corporal susceptible de ser obxecto de comercio.

Para estes efectos, a moeda metálica, os billetes de banco e os cheques bancarios ao portador denominados en moeda nacional ou en calquera outra moeda, e calquera medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pagamento consideraranse como mercadorías cando se oculten, ben entre outras mercadorías presentadas ante a alfándega ou ben nos medios de transporte en que se atopen.

2. «Mercadorías comunitarias»: as mercadorías definidas como tales no punto 18 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado).

3. «Mercadorías non comunitarias»: as mercadorías definidas como tales no punto 19 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado).

4. «Recinto alfandegueiro»: todo lugar habilitado polos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda para:

a) A presentación en alfándega das mercadorías non comunitarias que fosen introducidas no territorio español.

b) A presentación en alfándega das mercadorías comunitarias que fosen introducidas no territorio das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

c) O sometemento a vixilancia alfandegueira das mercadorías comunitarias declaradas para o réxime de exportación, de perfeccionamento pasivo, de tránsito ou de depósito alfandegueiro, desde o momento da admisión da correspondente declaración en alfándegas, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), ou de calquera outra operación prevista na normativa alfandegueira comunitaria.

5. «Autoridade alfandegueira»: o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais e os servizos das delegacións especiais e delegacións da Axencia Estatal

de Administración Tributaria encargados do control alfandegueiro de conformidade coas normas de organización da Axencia.

6. «Importación»: a entrada de mercadorías non comunitarias no territorio español comprendido no territorio alfandegueiro da Unión Europea, así como no ámbito territorial de Ceuta e Melilla. Asímlase á importación a entrada de mercadorías desde as áreas exentas.

7. «Introdución»: a entrada no territorio español de mercadorías comunitarias procedentes doutros Estados membros da Unión Europea.

8. «Exportación»: a saída de mercadorías do territorio español. Non se considerará exportación a saída de mercadorías comunitarias do territorio español comprendido no territorio alfandegueiro da Unión Europea con destino final ao resto do dito territorio alfandegueiro.

Con respecto a produtos e tecnoloxías de dobre uso, o concepto de «exportación» será o definido para o efecto no Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello, do 5 de maio de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso.

9. «Expedición»: a saída de mercadorías do territorio español con destino final a outros Estados membros da Unión Europea.

10. «Áreas exentas»: as zonas e depósitos francos e os depósitos alfandegueiros definidos nos artigos 148 e 153 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), así como, en xeral, calquera almacén, zona ou localización en que se depositen ou almacenen mercadorías non comunitarias en situación de depósito temporal á espera de ser declaradas para un réxime alfandegueiro.

11. «Xéneros ou efectos estancados»: os artigos, produtos ou substancias cuxa produción, adquisición, distribución ou calquera outra actividade concernente a eles sexa atribuída por lei ao Estado con carácter de monopolio, así como os elaborados do tabaco e todos aqueles aos cales por lei se outorgue a dita condición.

12. «Xéneros prohibidos»: todos aqueles cuxa importación, exportación, circulación, tenza, comercio ou produción estean prohibidos expresamente por tratado ou convenio suscrito por España, por disposición con rango de lei ou por regulamento da Unión Europea. O carácter de prohibido limitarase para cada xénero á realización da actividade ou actividades que de modo expreso se determinen na norma que estableza a prohibición e polo tempo que esta sinala.

13. «Material de defensa»: os produtos e as tecnoloxías sometidos a autorización de conformidade co establecido na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, e nas sucesivas disposicións legais ou regulamentos da Unión Europea.

14. «Produtos e tecnoloxías de dobre uso»: os produtos e tecnoloxías sometidos a autorización de conformidade co establecido no Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello, do 5 de maio de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso, e na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, e nas sucesivas disposicións legais ou regulamentos da Unión Europea.

15. «Precusores de drogas»: as substancias e os produtos susceptibles de ser utilizados no cultivo, na produción ou na fabricación de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas enumeradas nos cadros I e II da Convención de Nacións Unidas, feita en Viena o 20 de decembro de 1988, sobre o tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas e calquera outro produto engadido ao mesmo convenio, ou en calquera tratado ou convenio internacional sobre o mesmo obxecto suscrito por España.

16. «Substancias químicas tóxicas e os seus precursoros»: as substancias enumeradas nas listas 1, 2 e 3 da Convención sobre a prohibición do

desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, feita en París o 13 de xaneiro de 1993, definidas para o efecto no seu artigo II.

17. «Axentes biolóxicos ou toxinas»: os incluídos no artigo 1 da Convención sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción e o almacenamento de armas bacteriolóxicas (biolóxicas) e tóxicas e sobre a súa destrución, do 10 de abril de 1972.

18. «Produtos que se poden utilizar para aplicar a pena de morte ou inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes»: os incluídos nos anexos II e III do Regulamento (CE) n.º 1236/2005 do Consello, do 27 de xuño de 2005, sobre o comercio de determinados produtos que se poden utilizar para aplicar a pena de morte ou inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, e os sucesivos regulamentos que o actualicen.

19. «Mercadorías suxeitas a medidas de política comercial»: calquera mercadoría distinta das mencionadas anteriormente para a cal, con ocasión da importación ou exportación, se exixa o cumprimento de calquera requisito de natureza non tributaria como, por exemplo, autorizacións, licenzas, permisos, homologacións ou obrigas de etiquetaxe ou circulación, establecidos por normativa nacional ou comunitaria.

20. «Débeda alfandegueira»: a obriga definida como tal no punto 13 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado).»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Tipificación do delito.*

1. Cometén delito de contrabando, sempre que o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos sexa igual ou superior a 150.000 euros, os que realicen algún dos seguintes feitos:

a) Importen ou exporten mercadorías de lícito comercio sen presentalas para o seu despacho nas oficinas de alfándegas ou nos lugares habilitados pola Administración alfandegueira.

A ocultación ou subtracción de calquera clase de mercadorías á acción da Administración alfandegueira dentro dos recintos ou lugares habilitados equivalerá á non presentación.

b) Realicen operacións de comercio, tenza ou circulación de mercadorías non comunitarias de lícito comercio sen cumprir os requisitos legalmente establecidos para acreditar a súa lícita importación.

c) Destinen ao consumo as mercadorías en tránsito con incumprimento da normativa reguladora deste réxime alfandegueiro, establecida nos artigos 62, 63, 103, 136, 140, 143, 144, 145, 146 e 147 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), e as súas disposicións de aplicación, así como no Convenio TIR do 14 de novembro de 1975.

d) Importen ou exporten mercadorías suxeitas a medida de política comercial sen cumprir as disposicións vixentes aplicables; ou cando a operación estivese suxeita a unha autorización administrativa previa e esta fose obtida ben mediante a súa solicitude con datos ou documentos falsos en relación coa natureza ou o destino último de tales produtos, ou ben de calquera outro modo ilícito.

e) Obteñan, ou pretendan obter, mediante alegación de causa falsa ou de calquera outro modo ilícito, a retirada definida de conformidade co establecido no artigo 123 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario

(Código alfandegueiro modernizado), e as súas disposicións de aplicación ou a autorización para os actos a que se refiren as alíneas anteriores.

f) Conduzan en buque de porte menor que o permitido polos regulamentos, salvo autorización para iso, mercadorías non comunitarias en calquera porto ou lugar das costas non habilitado para os efectos alfandegueiros, ou en calquera punto das augas interiores ou do mar territorial español ou zona contigua.

g) Alixen ou transborden dun buque clandestinamente calquera clase de mercadorías, xéneros ou efectos dentro das augas interiores ou do mar territorial español ou zona contigua, ou nas circunstancias previstas polo artigo 111 da Convención de Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, feita en Montego Bay, Xamaica, o 10 de decembro de 1982.

2. Cometén delito de contrabando, sempre que o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos sexa igual ou superior a 50.000 euros, os que realicen algún dos seguintes feitos:

a) Exporten ou expidan bens que integren o patrimonio histórico español sen a autorización da Administración competente cando esta sexa necesaria, ou obténdoa ben mediante a súa solicitude con datos ou documentos falsos en relación coa natureza ou o destino último de tales produtos ou ben de calquera outro modo ilícito.

b) Realicen operacións de importación, exportación, comercio, tenza, circulación de:

Xéneros estancados ou prohibidos, incluíndo a súa produción ou rehabilitación, sen cumprir os requisitos establecidos nas leis.

Espécimes de fauna e flora silvestres e as súas partes e produtos, de especies recollidas no Convenio de Washington, do 3 de marzo de 1973, ou no Regulamento (CE) n.º 338/1997 do Consello, do 9 de decembro de 1996, sen cumprir os requisitos legalmente establecidos.

c) Importen, exporten, introduzan, expidan ou realicen calquera outra operación suxeita ao control previsto na normativa correspondente referido ás mercadorías sometidas a el por algunha das disposicións seguintes:

1.º A normativa reguladora do comercio exterior de material de defensa, doutro material ou de produtos e tecnoloxías de dobre uso sen a autorización a que fai referencia o capítulo II da Lei 53/2007, ou obténdoa ben mediante a súa solicitude con datos ou documentos falsos en relación coa natureza ou co destino último de tales produtos ou ben de calquera outro modo ilícito.

2.º O Regulamento (CE) n.º 1236/2005 do Consello, do 27 de xuño de 2005, sobre o comercio de determinados produtos que se poden utilizar para aplicar a pena de morte ou inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes con produtos incluídos no anexo III do citado regulamento, sen a autorización a que fai referencia o capítulo II da Lei 53/2007, ou obténdoa ben mediante a súa solicitude con datos ou documentos falsos en relación coa natureza ou co destino último de tales produtos ou ben de calquera outro modo ilícito.

3.º A normativa reguladora do comercio exterior de precursores de drogas sen as autorizacións a que se refire o Regulamento (CE) n.º 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, polo que se establecen normas para a vixilancia do comercio de precursores de drogas entre a Comunidade e países terceiros, ou obténdoa ben mediante a súa solicitude con datos ou documentos falsos en relación coa natureza ou co destino de tales produtos ou ben de calquera outro modo ilícito.

d) Obteñan, ou pretendan obter, mediante alegación de causa falsa ou de calquera outro modo ilícito, a retirada definida de conformidade co establecido no

artigo 123 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), e as súas disposicións de aplicación.

3. Comete, así mesmo, delito de contrabando quen realice algún dos feitos descritos nos puntos 1 e 2 deste artigo, se concorre algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando o obxecto do contrabando sexan drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas, armas, explosivos, axentes biolóxicos ou toxinas, substancias químicas tóxicas e os seus precursores, ou calquera outro ben cuxa tenza constitúa delito, ou cando o contrabando se realice a través dunha organización, con independencia do valor dos bens, mercadorías ou xéneros.

b) Cando se trate de elaborados de tabaco cuxo valor sexa igual ou superior a 15.000 euros.

4. Tamén comete delito de contrabando quen, en execución dun plan preconcebido ou aproveitando idéntica ocasión, realice unha pluralidade de accións ou omisións previstas nos puntos 1 e 2 deste artigo en que o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos illadamente considerados non alcance os límites cuantitativos de 150.000, 50.000 ou 15.000 euros establecidos nos puntos anteriores deste artigo, pero cuxo valor acumulado sexa igual ou superior aos ditos importes.

5. As anteriores condutas serán igualmente punibles cando se cometan por imprudencia grave.

6. As persoas xurídicas serán penalmente responsables en relación cos delitos tipificados nos puntos anteriores cando na acción ou omisión descritas neles concorran as circunstancias previstas no artigo 31 bis da Lei orgánica 10/1995, do 23 de decembro, do Código penal e nas condicións establecidas nel.

7. Así mesmo, cando o delito se cometa no seo, en colaboración, a través ou por medio de empresas, organizacións, grupos, entidades ou agrupacións carentes de personalidade xurídica, seralle de aplicación o previsto no artigo 129 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de decembro, do Código penal.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Penalidade.*

1. Os que cometeren o delito de contrabando serán castigados coas penas de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo do valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos.

Nos casos previstos nas letras a), b) e e), salvo nesta última para os produtos da letra d), do artigo 2.1, as penas imporanse na súa metade inferior. Nos demais casos previstos no artigo 2 as penas imporanse na súa metade superior.

Nos casos de comisión imprudente aplicarase a pena inferior nun grao.

2. Imporase a pena superior nun grao cando o delito se cometa por medio ou en beneficio de persoas, entidades ou organizacións de cuxa natureza ou actividade poida derivar unha facilidade especial para a comisión daquel.

3. Cando proceda a exigencia de responsabilidade penal dunha persoa xurídica de acordo co establecido no artigo 2.6, e tras aplicar os criterios establecidos nos puntos 1 e 2 deste artigo, imporase a pena seguinte:

a) En todos os casos, multa proporcional do duplo ao cuádruplo do valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto do contrabando, e prohibición de obter subvencións e axudas públicas para contratar coas administracións públicas e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da Seguridade Social por un prazo de entre un e tres anos.

b) Adicionalmente, nos supostos previstos no artigo 2.2, suspensión por un prazo de entre seis meses e dous anos das actividades de importación, exportación ou comercio da categoría de bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto do contrabando; nos supostos previstos no artigo 2.3, clausura dos locais ou establecementos en que se realice o comercio deles.»

Catro. Modifícase o artigo 4, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Responsabilidade civil.*

Nos procedementos por delito de contrabando, a responsabilidade civil comprenderá a totalidade da débeda tributaria e alfandagueira non ingresada, que a Administración tributaria non puidese liquidar por prescrición, caducidade ou calquera outra causa legal prevista na Lei xeral tributaria ou na normativa alfandagueira da Unión Europea, incluídos os seus xuros de demora.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 4 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis. *Execución da pena de multa e da responsabilidade civil.*

Para a execución da pena de multa e da responsabilidade civil, os xuíces e os tribunais solicitarán o auxilio dos servizos da Administración tributaria, que as exixirá polo procedemento administrativo de constrinximento nos termos establecidos na Lei xeral tributaria.»

Seis. Modifícase o artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Comiso.*

1. Toda pena que se impuxer por un delito de contrabando comportará o comiso dos seguintes bens, efectos e instrumentos:

- a) As mercadorías que constitúan o obxecto do delito.
- b) Os materiais, instrumentos ou maquinaria empregados na fabricación, elaboración, transformación ou comercio dos xéneros estancados ou prohibidos.
- c) Os medios de transporte con que se leve a efecto a comisión do delito, salvo que pertencen a un terceiro que non tivese participación naquel e o xuíz ou o tribunal competente considere que a dita pena accesoria resulta desproporcionada en atención ao valor do medio de transporte obxecto do comiso e ao importe das mercadorías obxecto do contrabando.
- d) As ganancias obtidas do delito, calquera que sexan as transformacións que puidesen ter experimentado.
- e) Cantos bens e efectos, da natureza que foren, servisen de instrumento para a comisión do delito.

2. Se, por calquera circunstancia, non for posible o comiso dos bens, efectos ou instrumentos sinalados no punto anterior, acordarase o comiso por un valor equivalente doutros bens que pertencen aos criminalmente responsables do delito.

3. Non se procederá ao comiso dos bens, efectos e instrumentos do contrabando cando estes sexan de lícito comercio e sexan propiedade ou fosen adquiridos por un terceiro de boa fe.

4. O xuíz ou tribunal deberá ampliar o comiso para os efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización ou grupo criminal. Para estes efectos, entenderase que provén da actividade delituosa o patrimonio de todas e cada unha das persoas condenadas por delitos cometidos no seo da organización ou grupo criminal cuxo valor sexa desproporcionado con respecto aos ingresos obtidos legalmente por cada unha das ditas persoas.

5. O xuíz ou tribunal poderá acordar o comiso previsto nos puntos anteriores deste artigo mesmo cando non se impoña pena a algunha persoa por estar exenta de responsabilidade criminal ou por se ter extinguido esta; neste último caso, sempre que quede demostrada a situación patrimonial ilícita.

6. Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por sentenza adxudicaranse ao Estado. Os bens de lícito comercio serán alleados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa excepción dos bens de lícito comercio comisados por delito de contrabando de drogas tóxicas, estupefacientes e substancias psicotrópicas, ou de precursores delas, tipificados no artigo 2.3 a) desta lei orgánica; nese caso, o alleamento ou a determinación de calquera outro destino deles corresponderá á Mesa de Coordinación de Adxudicacións, conforme o disposto no artigo 6.2 a) e c) da Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Sete. Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Valoración dos bens.*

A fixación do valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto de contrabando farase conforme as seguintes regras:

1. De se tratar de xéneros estancados, polo prezo máximo de venda ao público. De non estar sinalado o dito prezo, adoptarase a valoración establecida para a clase máis similar. Se non for posible a asimilación, o xuíz fixará a valoración logo de taxación pericial.

2. Para a valoración dos bens, xéneros e efectos comprendidos nas letras a) e b) do artigo 2.2, así como para a dos delitos de ilícito comercio, o xuíz solicitará das administracións competentes o asesoramento e os informes que xulgue necesarios.

3. Cando os bens, xéneros ou efectos sexan obxecto de importación ou exportación e non estean comprendidos nos puntos 1 e 2 anteriores, o seu valor será o prezo medio declarado ás autoridades alfandegueiras dos produtos semellantes clasificados na subpartida a nivel de oito díxitos e, na súa falta, a nivel de seis ou catro díxitos da nomenclatura prevista no Regulamento (CEE) n.º 2658/1987 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, e en función do seu tipo de operación.

4. No resto dos casos, o seu prezo oficial ou, na súa falta, o prezo medio de mercado español de bens semellantes ou o valor de venda, sempre que fose superior ao de compra ou ao custo de produción incrementados, de ser o caso, co índice xeral de prezos de consumo desde a data de compra ou produción, e sempre que entre ese momento e a realización do delito transcorrese máis dun ano natural. O índice aplicable será o correspondente a cada un dos anos naturais. Aplicarase o valor de compra ou o custo de produción co incremento indicado cando razoablemente non se poida determinar o valor de venda.

5. O valor determinarase en relación coa data de realización do ilícito ou, de non se coñecer esta, en relación co descubrimento do ilícito ou aprehensión dos bens, xéneros ou efectos. Para efectos da determinación do prezo medio, tomarase o mes natural anterior á data fixada no parágrafo anterior.»

Oito. Modifícase o artigo 11, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Tipificación das infraccións.*

1. Incorrerán en infracción administrativa de contrabando as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que leven a cabo as accións ou omisións tipificadas nos

puntos 1 e 2 do artigo 2 desta lei, cando o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos sexa inferior a 150.000 ou 50.000 euros, respectivamente, ou a 15.000 euros de se tratar de elaborados de tabaco, e de non concorreren as circunstancias previstas nos puntos 3 e 4 do dito artigo.

No suposto previsto no artigo 2.1.c) desta lei, presumirase que as mercadorías en tránsito se destinaron ao consumo cando non se presenten as mercadorías intactas na oficina de alfándegas de destino ou non se respectasen as medidas de identificación e control tomadas polas autoridades alfandegueiras, salvo proba en contrario.

2. As infraccións administrativas de contrabando clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo o valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto delas, conforme as contías seguintes:

Leves: inferior a 37.500 euros; ou, de se tratar de elaborados de tabaco ou de operacións comprendidas no artigo 2.2 desta lei, inferior a 1.000 euros.

Graves: desde 37.500 euros a 112.500 euros; se se trata de elaborados de tabaco, desde 1.000 euros a 7.200 euros ou, se se trata de operacións comprendidas no artigo 2.2 desta lei, desde 1.000 euros a 12.000 euros.

Moi graves: superior a 112.500 euros; de se tratar de elaborados de tabaco, superior a 7.200 euros ou, de se tratar de operacións comprendidas no artigo 2.2 desta lei, superior a 12.000 euros.»

Nove. Modifícase o artigo 12, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Sancións.*

1. Os responsables das infraccións administrativas de contrabando serán sancionados con multa pecuniaria proporcional ao valor dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto delas, sen prexuízo do establecido no punto 2.

As porcentaxes aplicables a cada clase de infracción estarán comprendidas entre os límites que se indican a continuación:

- a) Leves: o 100 e o 150 %, ambos incluídos.
- b) Graves: o 150 e o 250 %.
- c) Moi graves: o 250 e o 350 %, ambos incluídos.

O importe mínimo da multa será, en todo caso, de 500 euros.

2. Os responsables das infraccións administrativas de contrabando relativas aos bens incluídos no artigo 2.2 desta lei serán sancionados do seguinte modo:

- a) Con multa pecuniaria proporcional ao valor das mercadorías.

As porcentaxes aplicables a cada clase de infracción estarán comprendidas entre os límites que se indican a continuación:

- 1.º Leves: o 200 e o 225 %, ambos incluídos.
- 2.º Graves: o 225 e o 275 %.
- 3.º Moi graves: o 275 e o 350 %, ambos incluídos.

O importe mínimo da multa será, en todo caso, de 1.000 euros.

b) Co peche dos establecementos dos cales os infractores sexan titulares. O peche poderá ser temporal ou, no caso de infraccións reiteradas, definitivo.

Para cada clase de infracción, o peche temporal terá unha duración comprendida entre os seguintes límites inferior e superior, respectivamente:

- 1.º Leves: catro días e tres meses.
- 2.º Graves: tres meses e un día, e nove meses.
- 3.º Moi graves: nove meses e un día, e doce meses.»

Dez. Modifícase o artigo 12 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12 bis. *Gradación das sancións.*

1. As sancións por infraccións administrativas de contrabando graduaranse atendendo en cada caso concreto aos seguintes criterios:

a) A reiteración. Apreciarase reiteración cando o suxeito infractor fose sancionado por calquera infracción administrativa de contrabando en resolución administrativa firme ou condenado por delito de contrabando por sentenza xudicial firme, en ambos os casos, dentro do cinco anos anteriores á data da comisión da infracción.

b) A resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora dos órganos competentes para o descubrimento e persecución das infraccións administrativas de contrabando ou dos órganos competentes para a iniciación do procedemento sancionador por estas infraccións.

c) A utilización de medios fraudulentos na comisión da infracción ou a comisión desta por medio de persoa interposta.

Consideraranse principalmente medios fraudulentos para estes efectos os seguintes:

1.º A existencia de anomalías substanciais na contabilidade.

2.º O emprego de facturas, xustificantes e outros documentos falsos ou falseados.

3.º A utilización de medios, modos ou formas que indiquen unha planificación do contrabando.

4.º A declaración incorrecta da clasificación arancelaria ou, no caso de operacións de importación, de calquera elemento determinante da débeda alfandegueira na declaración en alfándegas que eluda o seu control informático.

d) A comisión da infracción por medio ou en beneficio de persoas, entidades ou organizacións de cuxa natureza ou actividade poida derivar unha facilidade especial para a comisión da infracción.

e) A utilización para a comisión da infracción dos mecanismos establecidos na normativa alfandegueira para a simplificación de formalidades e procedementos de despacho alfandegueiro.

f) A natureza dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto do contrabando.

2. Os criterios de gradación son aplicables simultaneamente.

O criterio establecido na letra f) do punto anterior operará como circunstancia atenuante na gradación da sanción, aplicable cando os bens, mercadorías, xéneros ou efectos obxecto do contrabando sexan de lícito comercio e non se trate de xéneros prohibidos, material de defensa, outro material ou de produtos e tecnoloxías de dobre uso aos cales se refire o capítulo II da Lei 53/2007; nin se trate de produtos que se poden utilizar para aplicar a pena de morte ou inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes; nin de axentes ou toxinas biolóxicos ou de substancias químicas tóxicas; nin de bens integrantes do patrimonio histórico español; nin de espécimes de fauna e flora silvestres e as súas partes e produtos de especies recollidas no Convenio de Washington, do 3 de marzo de 1973, e no regulamento comunitario correspondente; nin de elaborados de tabaco ou de mercadorías suxeitas a medidas de política comercial.

3. Regulamentariamente determinarase a aplicación de cada un dos criterios de gradación.»

Once. Modifícase o artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Medidas complementarias.*

1. Aplicarase ás infraccións administrativas de contrabando o disposto no artigo 5, artigo 6, números 1 e 2, e nos artigos 7, 8, 9 e 10 desta lei.

2. Antes de iniciado o procedemento sancionador por infracción administrativa de contrabando, as autoridades, os funcionarios e as forzas que, no exercicio das súas competencias, teñan coñecemento de condutas ou feitos que poidan constituír infracción administrativa de contrabando, procederán á aprehensión cautelar dos bens, efectos e instrumentos que, de acordo co artigo 5 desta lei, poidan resultar comisados.

3. O control, inspección e intervención de medios de pagamento portados por persoas físicas, ou nas súas equipaxes ou medios de transporte, rexeráse pola lexislación de prevención do branqueo de capitais.

A acta de intervención, da cal se dará traslado inmediato ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, para a investigación dos feitos consignados, e á Secretaría da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, para a incoación, de ser o caso, do correspondente procedemento sancionador, deberá indicar expresamente se os medios de pagamento intervidos foron achados en lugar ou situación que mostrase unha clara intención de ocultalos.»

Doce. Introdúcese un novo artigo 14 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 14 bis. *Principio de non concurrencia de sancións.*

1. De os órganos da Administración alfandegueira da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no curso dun procedemento administrativo, estimaren que unha conduta pode ser constitutiva de delito de contrabando, pasarán o tanto de culpa á xurisdición competente ou remitirán o expediente ao Ministerio Fiscal, e absteranse de seguir o procedemento administrativo, que quedará suspendido mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións, ou se produza a devolución do expediente por medio do Ministerio Fiscal.

A sentenza condenatoria impedirá a imposición de sanción por infracción administrativa de contrabando.

De non se apreciar na sentenza a existencia de delito, a Administración alfandegueira continuará as súas actuacións sancionadoras de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados, e renovarase o cómputo do prazo de prescrición no punto en que estaba cando se suspendeu. As actuacións administrativas realizadas durante o período de suspensión teranse por inexistentes.

2. As sancións derivadas da comisión de infraccións administrativas de contrabando son compatibles coa exixencia da débeda tributaria e alfandegueira e do xuro de demora.»

Trece. Modifícase o artigo 16, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Competencias en materia de recoñecemento e rexistro dos servizos de alfândega.*

1. No exercicio das súas funcións de control e vixilancia, os servizos de alfândega poderán efectuar o recoñecemento e rexistro de calquera vehículo ou medio de transporte, caravana, paquete ou vulto.

2. Os funcionarios adscritos á alfândega de que depende un recinto alfandegueiro, no exercicio das súas funcións, terán acceso libre, directo e inmediato a todas as instalacións do recinto onde poida ter lugar a vixilancia e control alfandegueiro ou fiscal, logo de identificación, de ser o caso.»

Catorce. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda. *Orzamentos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá consignar nos seus orzamentos partidas especificamente destinadas a operacións confidenciais relacionadas coa persecución dos delitos que teña encomendada.

2. A fiscalización e control destas partidas levarase a cabo mediante o procedemento que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado, no cal se regulará en todo caso a confidencialidade antes indicada.

Do resultado da fiscalización e control referidos darase traslado ao Tribunal de Contas.»

Quince. Introdúcese unha disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Información que deben suministrar as compañías de transporte.*

1. Co fin de combater o tráfico ilegal de mercadorías e capitais así como para garantir a seguridade da cadea loxística, as persoas físicas ou entidades que realicen operacións de transporte estarán obrigadas, no momento de finalización do embarque e antes da saída do medio de transporte, a remitir ás autoridades alfandegueiras españolas a información relativa aos pasaxeiros que vaian ser embarcados en países ou territorios que non formen parte do territorio alfandegueiro comunitario para seren trasladados, sexa por vía aérea, marítima ou terrestre, ao territorio español, con independencia de que o transporte sexa en tránsito ou como destino final.

Cando se trate de embarcacións de recreo, incluídas as da lista 6ª do Rexistro de Matrícula previsto no artigo 4 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, a información sobre os pasaxeiros e todas as persoas que se atopen a bordo delas no momento de arribar, incluídos os tripulantes, a que se refire esta disposición, deberá ser proporcionada, en todo caso, polos capitáns ou comodoros das citadas embarcacións. En caso de incumprimento desta obriga e sen prexuízo da existencia da responsabilidade que diso puiden derivar, esta información será exixible aos directores ou responsables dos portos, mariñas ou clubs náuticos aos cales arriben as ditas embarcacións.

2. A información comprenderá o nome e os apelidos de cada pasaxeiro, a súa data de nacemento, nacionalidade, número de pasaporte ou do documento de viaxe que acredite a súa identidade e tipo deste, forma de pagamento, importe do billete, data de compra, puntos ou escalas intermedias e medio de contratación.

3. A información obtida deberá ser eliminada dos arquivos e rexistros polas autoridades alfandegueiras nun prazo non superior a noventa días, salvo que con anterioridade se iniciase algún procedemento de investigación xudicial ou administrativa sobre determinados viaxeiros.

4. O incumprimento desta obriga de subministración de información será sancionado de conformidade co previsto no título IV da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e, en particular, no seu artigo 198.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o artigo 58 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 58. *Recintos alfandegueiros fiscais e de inspección e expedición de certificados de comercio exterior nos aeroportos, portos, zonas e depósitos francos.*

1. Os titulares ou concesionarios dos aeroportos, portos, estacións de transporte de mercadorías por estrada que contén con instalacións dotadas de medios para recibir, almacenar ou expedir as mercadorías, estacións de transporte multimodal, portos secos, estacións ferroviarias, zonas francas, depósitos francos e depósitos alfandegueiros públicos facilitarán, pola súa conta, locais apropiados e suficientes para prestaren neles, de ser o caso, os servizos alfandegueiros e fiscais que correspondan, así como os servizos de inspección SOIVRE das direccións territoriais e provinciais de Comercio. Igualmente, facilitaranlles aos ditos servizos o acceso aos sistemas de vixilancia e control que teñan establecidos.

2. Cando o recinto alfandegueiro non estea situado dentro do espazo portuario ou aeroportuario, os titulares ou concesionarios deberán facilitar, ademais, as instalacións necesarias para garantir que o traballo de control alfandegueiro ou fiscal se realiza de maneira satisfactoria.

3. Os tributos e demais gastos inherentes á propiedade dos inmobles serán por conta das persoas e demais entes obrigados a facilitar os locais. Os gastos en bens, servizos e subministracións necesarios para a prestación dos servizos deberán ser atendidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. As persoas e entidades obrigadas a facilitar os locais poderán reclamar o importe dos consumos realizados nos referidos recintos naqueles casos en que non existan equipamentos que permitan a medición separada de tales consumos, ou cando non permitan o pagamento directo pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou polos citados servizos de inspección SOIVRE ás compañías subministradoras.»

Disposición adicional primeira. *Redución das exencións fiscais previstas nos artigos 35.Tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e 61.2.a) da Lei 38/1992, do 28 de novembro, de impostos especiais, en relación cos elaborados de tabaco para os residentes da zona fronteiriza con Xibraltar e o Principado de Andorra e dos traballadores fronteirizos das citadas zonas.*

Redúcense a 200 cigarros ao mes as exencións fiscais previstas no artigo 35.Tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 61.2.a) da Lei 38/1992, do 28 de novembro, de impostos especiais, para os viaxeiros residentes e traballadores fronteirizos da zona fronteiriza con Xibraltar e o Principado de Andorra e en relación cos elaborados de tabaco que introduzan en España, coas excepcións previstas no punto 2 do artigo 13 da Directiva 2007/74/CE.

Para estes efectos, entenderase como zona fronteiriza o territorio español que se estende a 15 quilómetros en liña recta a partir da fronteira con Xibraltar ou co Principado de Andorra e que incluírá a totalidade do territorio dos municipios cuxa demarcación territorial forma parte, aínda que for parcial, desta zona.

Disposición adicional segunda. *Remanente da Xefatura Central de Tráfico.*

Unha vez cumprida a afectación a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, de que os ingresos por sancións económicas se destinen na súa totalidade á seguridade viaria, o que supón un gasto mínimo en cada exercicio polo importe dos ditos ingresos, o remanente da Xefatura Central de Tráfico en 31 de decembro de 2010, así como o que se produza ao final de cada exercicio, poderá xerar crédito no orzamento do Ministerio do Interior, logo de ingreso no Tesouro Público, por acordo da ministra de Economía e Facenda.

Disposición adicional terceira.

A non consideración como importación, para os efectos desta lei, da introdución no ámbito territorial de Ceuta e Melilla de mercadorías comunitarias, non exime das obrigas documentais e tributarias conforme a normativa reguladora do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición transitoria. *Normativa de aplicación.*

As referencias que nesta lei orgánica se realizan ao Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado), entenderanse efectuadas ao Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, mentres o Regulamento (CE) n.º 450/2008 non sexa totalmente aplicable.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

1. Os artigos da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, modificados polo artigo primeiro desta lei, teñen o carácter de lei orgánica ou lei ordinaria segundo o establecido na disposición derradeira segunda da dita lei orgánica.

2. A disposición adicional terceira da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, que se engade polo punto quince do artigo primeiro desta lei, ten o carácter de lei orgánica.

3. O artigo segundo e as disposicións adicionais desta lei teñen o carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime alfandegueiro e arancelario e de comercio exterior do artigo 149.1.10.^a da Constitución española. Exceptúanse do anterior a modificación dos artigos 2, 3 e 5 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, que se ampara na competencia para ditar a lexislación penal atribuída ao Estado polo artigo 149.1.6.^a da Constitución; a modificación do artigo 4, que se ampara na competencia para ditar a lexislación civil atribuída ao Estado polo artigo 149.1.8.^a da Constitución; a modificación relativa aos artigos 4 bis e 10, que se ampara na competencia para ditar a lexislación procesual, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.6.^a da Constitución; e a disposición adicional primeira, que se ampara na competencia para ditar a lexislación en materia tributaria, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.14.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

1. Mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda poderanse determinar as rutas ou traxectos respecto dos cales non será necesario remitir ás autoridades alfandegueiras españolas coa antelación suficiente a información prevista na disposición adicional terceira da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, introducida polo punto quince do artigo primeiro desta lei.

A mencionada orde establecerá a forma de presentación, que en todo caso se deberá realizar por vía electrónica, e o momento en que deberá ser subministrada a información.

2. Por orde do Ministerio de Economía e Facenda determinaranse os requisitos que deben reunir os recintos alfandegueiros para adquirir tal condición e o prazo no cal os titulares dos recintos alfandegueiros existentes na actualidade deben cumprir os ditos requisitos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no punto quince do artigo primeiro e no artigo segundo, que entrará en vigor ao ano da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO